



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Aspectos legais de TICs

Materia	Aspectos legais de TICs			
Código	004G390V01403			
Titulación	Grao en Consultoría e Xestión da Información			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Menor Conde, Sara			
Profesorado	de los Rios Sanchez, Juan Manuel Menor Conde, Sara			
Correo-e	saramc@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	(*)Esta materia pretende facer unha aproximación ás normas e institucións xurídicas máis salientables que teñen xurdido coa proliferación das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións e as actividades vinculadas ao desenvolvemento da Sociedade da Información.			

### Competencias de titulación

Código	
A2	1.1 As organizacións empresariais e o seu ámbito, así como os sistemas de información que estas requiren e a interconexión que existe entre estes ámbitos.
A4	1.3 Os principios e capacidades das TIC e a súa aplicación na práctica profesional. (QAA)
A5	1.4 O marco legal e regulamentario dentro do cal os profesionais da información operan, incluíndoas leis relacionadas coa liberdade de información, protección de datos, difamación, copyright, patentes e outras propiedades intelectuais. (QAA)
A9	1.8 O crecemento e a importancia da economía dixital, así como as súas implicacións socioeconómicas nas tecnoloxías da información, o comercio electrónico e o comportamento do consumidor.
A10	2. Aplicar os coñecementos adquiridos a futuras situacións profesionais e desenvolver competencias relacionadas coa elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A11	2.1 Exercer un papel de intermediación entre as áreas funcionais dunha organización e as tecnolóxicas ao servizo da información.
A12	2.2 Analizar, identificar, dar apoio e resolver problemas en materia organizativa y de xestión empresarial, especialmente nas situacións complexas relativas ás organizacións empresariais.
A13	2.3 Propoñer, analizar, validar e manter solucións informáticas no contexto dunha organización empresarial.
A14	2.4 Configurar modelos e sistemas capaces de reunir, almacenar, transmitir, procesar e recuperar información dixital de maneira fiable e eficiente, que permita valorar a situación actual e a evolución futura da empresa.
A17	3. Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A21	4.1 Comunicar dunha maneira clara, sistemática e concisa nun amplo rango de temáticas diferentes e ante distintas audiencias, empregando habilidades de comunicación tanto orais como escritas. (QAA)
A22	4.2 Interaccionar e negociar eficientemente e imparcialmente con individuos e grupos en varios contextos, incluíndo o servizo ao cliente, contacto con provedores e traballo en equipo. (QAA)
A23	4.3 Capacidade de traballar en contextos internacionais e/ou en medios diversos e multiculturais, valorando o compromiso ético no exercicio profesional.
A24	4.4 Integrar coñecementos e habilidades para elaborar e emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresa, promovendo o traballo en ámbitos próximos á realidade.
A28	5.2 Coñecementos do seu contexto profesional e ético, dos requirimentos e mecanismos para continuar co desenvolvemento profesional e a aprendizaxe ao longo da vida. (QAA)
B2	6.2 Creatividade, iniciativa e sensibilidade cara aos temas sociais e ambientais.

B3 6.3 Principios éticos no exercicio profesional e, especialmente, na relación co tratamento da información privada no ámbito empresarial.

B4 6.4 Motivación pola calidade e a mellora continua.

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender a estrutura xurídica das organizacións empresariais e das actividades e sistemas de xestión da información.	A2
Coñecer os principios reguladores das organizacións e actividades vinculadas á Sociedade da Información e ao emprego das TIC.	A4 A5 A9
Distinguir e avaliar as implicacións xurídicas do uso das TIC fundamentalmente na actividade empresarial.	A10 A12 A17
Aplicar solucións xurídicas axeitadas no emprego e aproveitamento económico das TIC.	A11 A13 A14
Manexar con soltura as normas e institucións xurídicas precisas na actividade vinculada ao emprego e aproveitamento das TIC.	A21 A22 A23 A24 A28
Propiciar o respecto ás normas e principios éticos e xurídicos, e ás liberdades básicas no uso das TIC.	B2 B3 B4

### Contidos

Tema	
(*)1. A Sociedade da Información: novo contexto de relacións xurídicas.	(*)1.1. Introducción. 1.1.1. Orixe e bases configuradoras da SI.1.1.2. Liberdade, seguridade e regulación na SI.1.2. Cara a un <input type="checkbox"/> Dereito informático <input type="checkbox"/> ou <input type="checkbox"/> Dereito das novas tecnoloxías <input type="checkbox"/> .1.2.1. Nocións xurídicas básicas. 1.2.2. Transversalidade e multidisciplinariade. Principais retos xurídicos que suscita a SI.
(*)2. Elementos xurídicos ordenadores do mercado na SI: Propiedade intelectual e industrial e Dereito da competencia.	(*)2.1. Introducción: nova economía, novos mercados, posibles novas regras.2.1.1. Aspectos xerais dos dereitos de propiedade intelectual e industrial e do Dereito da competencia.2.1.2. Problemas que suscita a SI neste ámbito.2.2. Propiedade intelectual e industrial na SI: o seu obxecto, contido e tutela.2.2.1. A protección do software. O denominado software libre.2.2.2. A protección das bases de datos e páxinas web.2.2.3. A protección doutras creacións artísticas, científicas ou técnicas na SI.2.2.4. Os signos distintivos e a súa protección na SI. Os nomes de dominio.2.3. O Dereito da competencia na SI.2.3.1. Peculiaridades sobre a libre competencia e competencia desleal.2.3.2. Publicidade e comunicacións comerciais electrónicas.
(*)3. Réxime xurídico xeral dos Servizos da Sociedade da Información e do Comercio Electrónico.	(*)3.1. Os SSI e o comercio electrónico.3.1.1. Concepto e características.3.2.2. Clasificación. Peculiaridades do comercio electrónico B2B e B2C.3.2.3. Principios básicos.3.2. Os Provedores de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico: réxime xurídico xeral.3.2.1. Obrigacións básicas.3.2.2. Réxime de responsabilidade.
(*)4. A contratación electrónica en xeral.	(*)4.1. Introducción: nocións básicas de contratación mercantil.4.2. A formación dos contratos electrónicos.4.2.1. As súas fases: contido básico.4.2.2. Os deberes de información.4.2.3. A identificación dos contratantes.4.2.4. A perfección do contrato. A determinación do momento e lugar de celebración.4.2.5. Capacidade e representación. Vicios do consentimento.4.2.6. As condicións xerais na contratación electrónica.4.3. Aspectos formais dos contratos electrónicos. Documento electrónico e equivalencia funcional.4.4. A sinatura electrónica: ferramenta de seguridade na SI.4.4.1. Concepto e clases.4.4.2. Certificados electrónicos e provedores de servizos de certificación.4.4.3. Ámbitos de aplicación xurídica e práctica da sinatura electrónica. O DNI electrónico.4.5. Proba e execución dos contratos electrónicos.4.5.1. Aspectos xerais.4.5.2. A factura electrónica.4.5.3. Os instrumentos electrónicos de pagamento.4.5.4. O dereito de desistimento.4.6. Resolución de conflitos na SI.

(*)5. Os denominados contratos informáticos.	(*)5.1. Aspectos xerais.5.1.1. Delimitación e características.5.1.2. Estrutura e cláusulas máis frecuentes.5.2. Principais clases de contratos informáticos.5.2.1. Contratos de acceso, aloxamento (hosting) e interconexión de redes.5.2.2. Contratos de licenza de programas e bases de datos.5.2.3. Contrato de desenvolvemento a medida.5.2.4. Contrato de scrow.5.2.5. Contrato de intercambio electrónico de datos (EDI).5.2.6. Contratos de deseño e ligazón de páxinas ou banner.5.2.7. Contratos de fornecemento de contidos e aplicacións (ASP).5.2.8. Contratos de outsourcing.
(*)6. Contratación electrónica no ámbito empresarial.	(*)6.1. A contratación electrónica no sistema financeiro.6.1.1. Aspectos xerais.6.1.2. A banca electrónica.6.1.3. O contrato de seguro e as novas tecnoloxías.6.1.4. A comercialización a distancia de servizos financeiros con consumidores.6.2. Outros contratos mercantís.
(*)7. As Tecnoloxías da Información e as Comunicacions e as sociedades mercantís.	(*)7.1. Introducción.7.1.1. Nocións xerais.7.1.2. Clases de sociedades.7.2. Constitución de sociedades por vía electrónica.7.3. O exercicio dos dereitos do socio por medios electrónicos.7.3.1. Os dereitos sociais de información e a páxina web da sociedade.7.3.2. O dereito de asistencia á Xunta.7.3.3. O voto electrónico e a súa delegación.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	60	90
Estudo de casos/análises de situacións	19	19	38
Probas de resposta curta	1	21	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Consistirá na exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, as súas bases teóricas xerais. As sesións maxistras deben complementarse co traballo autónomo do alumnado, mediante o estudo polo miúdo dos aspectos introducidos nas sesións presenciais. Para iso, facilitaranse materiais, ou daranse as correspondentes indicacións bibliográficas e de lexislación concretas.
Estudo de casos/análises de situacións	Presentaranse problemas, supostos ou casos prácticos, para analizalos, razoalos, interpretalos e resolvelos xurídicamente. Así, o alumnado poderá adquirir e completar coñecementos, así como adestrarse no manexo das normas e institucións xurídicas aplicables.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Ademais da orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe, que se tratará de facer patente nas actividades presenciais establecidas, o profesor estará dispoñible no correspondente horario de titorías de despacho, que oportunamente se fará público, e a través do correo electrónico, aos mesmos fins.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e a participación activa do alumnado a través do diálogo, a consulta e/ou o comentario.	10
Estudo de casos/análises de situacións	Terase e conta a formulación e corrección dos comentarios, interpretacións e razonamentos que se poñan de manifesto no desenvolvemento dos casos prácticos ou exercicios, que versarán sobre os aspectos legais das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, e poderán ser eventualmente recollidos polo profesor.	30
Probas de resposta curta	Todo o alumnado, con independencia do sistema que adopte (avaliación continua ou non), deberá realizar unha proba obxectiva, sobre os contidos da materia.	60

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A) Sistema de avaliación continua: presupón a ASISTENCIA ACTIVA ás sesións presenciais (mínimo dun 80%, das sesións maxistras e das clases prácticas e titorías en grupo), que representa o 10% da cualificación global, así como a participación regular nas ACTIVIDADES E EXERCICIOS realizados nas sesións presenciais, constatable pola entrega de todos os que eventualmente sexan recollidos polo profesor, o que representará o 40% da cualificación global. O 50% restante da cualificación virá determinado pola PROBA FINAL, que terá unha única parte teórica para quenes superaran a avaliación continua satisfactoriamente.

B) Quenes non se acollan ao sistema de avaliación continua ou non superen satisfactoriamente a mesma: serán avaliados en base a unha única PROBA FINAL que representa o 100% da cualificación global, con parte teórica (60% da cualificación total) e práctica (40% da cualificación total).

Así pois, a proba final constará de dúas partes:

\*Parte teórica: obrigatoria para todo o alumnado, con independencia do sistema de avaliación que se siga, en todas as convocatorias.

\*Parte práctica: que deberá superarse de forma independente, e terán que realizar aquelas persoas que non superaran satisfactoriamente a avaliación continua, ou decidiran non acollerse a tal sistema.

**Non terán que realizar a parte práctica, nin na primeira nin na segunda convocatoria, quenes superasen satisfactoriamente a avaliación continuada.**

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

ACCENTURE, et al., **Internet, claves legales para la empresa**,

DÁVARA RODRÍGUEZ, M. A., **Manual de Derecho informático**,

GÓMEZ SEGADE, J.A. (dir.), **Comercio electrónico en Internet**,

ILLESCAS ORTIZ, R., **Derecho de la contratación electrónica**,

MATEU DE ROS, R. y LÓPEZ-MONIS GALLEGO, M. (coord.), **Derecho de Internet: La Ley de Servicios de la Sociedad de la Información y de Comercio Electrónico**,

**Revista Aranzadi de Derecho y Nuevas Tecnologías**,

**Revista de la Contratación Electrónica**.,

(\*)

Tanto para as clases teóricas como prácticas, requirirase o manexo, localización e consulta dos textos legais aplicables á materia obxecto de estudo. Para iso, poden adquirirse compilados polas editoras de textos legais máis ao uso, ou ben a través das bases de datos dispoñibles a través da Biblioteca Universitaria, ou páxinas web oficiais como a do Boletín Oficial do Estado.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Planificación e administración de tecnoloxías da información/O04G390V01402

Sociedade da información/O04G390V01405

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Empresa: Xestión de empresas/O04G390V01203

#### **Outros comentarios**

(\*)A presente materia pode servir de base ou ter continuidade en optativas como as seguintes:

- \* Tecnoloxías de comercio electrónico.
- \* Operacións financeiras a través da Rede.
- \* Mercados financeiros: operativa electrónica.
- \* Fiscalidade da empresa.
- \* Dereito á protección de datos persoais.